

Citas coa extinción

Fauna mariñán condenada a desaparecer

XORNADA DE VOLUNTARIADO

DOMINGO 22 DE SETEMBRO

Limpeza simultánea dos ríos galegos

Imos achegarnos ó río Lambre (concellos de Miño e Paderne) para participar na duodécima limpeza simultánea de ríos de toda Galicia, que coordina o Proxecto Ríos (por motivos organizativos, nós adiantámola unha semana). O obxectivo é recoller todo canto lixo atopemos nos 2,5 km de ribeira do río Lambre entre a desembocadura do rego do Anido e a minicentral de Goimil. Iremos deixando as bolsas de lixo ó pé das pontes que crucemos, para que sexan recollidas posteriormente. Na andaina descubriremos un bosque diverso que merece ser conservado.

O punto de encontro será o Centro de Saúde de Betanzos ás 9:30 da mañá para compartir vehículos. Os que queiran ir directamente, teñen que avisarnos de que van polos seus medios e esperarnos ás 10:00 en Ponte Lambre.

O traxecto non é dificultoso, pero é conveniente vestir botas de auga e roupa axeitada para andar polo monte en función do tempo que faga. Leva unhas luvas de coiro ou de cociña. Pensamos remata-la xornada ás 14:00 horas.

Os cativos poden participar na xornada se están afeitos a andar polo monte, sempre que vaian acompañados dun maior de idade que se responsabilice deles. No caso de facérselles demasiado longo o percorrido, poden andar un treito e da-la volta cando se cansen, polo que os seus acompañantes teñen que telo en conta para o transporte de regreso.

Fragas do Mandeo contratará un seguro de accidentes para os voluntarios, polo que se precisan os teus datos con anterioridade (nome e apelidos, DNI, data de nacemento, código postal, móbil e correo electrónico). No caso de cancelar a túa participación, por favor, avísanos para non te esperar inutilmente e aforrar no seguro. Se téis algún tipo de problema de saúde que deba sabelo a organización, por favor, non te esquezas de informar previamente.

A túa participación nesta actividade supón a aceptación da toma de imaxes por parte da organización e a súa publicación en informacións relacionadas con ela.

Fragas do Mandeo encárgase da organización o día da xornada. Apunta o seu teléfono: **981 105 903**. Ese día estará desviado ó móbil da persoa que coordina a xornada.